



XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

 FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO	
29 AGO. 2022	
ENTRADA N.º 945	SAIDA N.º

Asunto: notificación providencia 187/2022

Como Secretaria do Comité Galego de Xustiza Deportiva
notifícolle providencia do 26.08.2022

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
Teresa Carrera Babarro,
Secretaria do Comité Galego de Xustiza Deportiva

Asinado por: CARRERA BABARRO, TERESA
Cargo: Secretaria do Comité Galego de Xustiza
Deportiva
Data e hora: 26/08/2022 15:36:33

CVE: 3291b13wp1m6
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA
DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela



PROVIDENCIA

I.- En data 25 de agosto de 2022 o Pleno do CGXD adoutou resolución no expediente electoral nº187/2022 (acumulado de forma conxunta co nº188/2022) acordando o seguinte:

1º.- *NON ESTIMAR por falta de lexitimación activa dos recorrentes os recurso electorais en canto as resolucións da Xunta Electoral contempladas no punto 11º e 18º da acta.*

2º.- *SUSPENDER O PROCESO ELECTORAL ATA A RESOLUCIÓN DO RECURSO en canto o punto 12º ao abeiro do disposto no artigo 60.3 do Decreto 120/2013, valorando especialmente a entidade e transcendencia dos prexuízos que se derivarían da continuación do proceso electoral sen resolver con todas as garantías a legalidade da composición do censo provisional e tendo en conta os seus efectos.*

3º.- *DAR TRASLADO do expediente a través da FGA aos clubs cuxa exclusión se solicita, os que poderán aportar NO PLAZO DE 2 DÍAS HÁBILES, a documentación que consideren conveniente aos seus dereitos, así como formular as alegacións oportunas.*

4º.- *REQUERIR a FGA para que no mesmo prazo 2 DÍAS HÁBILES certifique os requisitos de cada un dos clubs afectados pola solicitude de exclusión, para estar no censo provisional de entidades deportivas, adxuntando a estos efectos a documentación xustificativa da participación ou/e da organización dos campionatos que en cada caso os habilitan para elo, que debe estar suscrita polo Secretario da Comisión Xestora ou por persona con competencias para emitir certificados dentro da federación a todos os efectos.*

II.- Na mesma data da resolución, a Secretaria da Comisión Xestora da FGA aporta novo informe sobre os expedientes xunto con documentación adxunta que se ten por aportado e mediante un novo escrito, presenta o certificado e





documentación adxunta, **dando por cumplimentado con elo o requirimento referido no punto 4º da resolución**, para a súa análise na resolución do recurso.

III.- Dado que o proceso electoral se encontra suspendido ata a resolución do presente expediente en canto á impugnación do punto 12º de conformidade co disposto no artigo 60.3 do Decreto 120/2013 e tendo en conta a necesidade de dar traslado aos clubs afectados para poder resolver o mesmo, **concédesele a FGA audiencia para que informe a este Comité da data de traslado do expediente e da data de recepción por cada un dos clubs cuxa exclusión se cuestiona, cumprimentando con elo o acordo incluído no punto 3º da resolución**, aos efectos de determinar o término do prazo de alegacións que lle foi conferido.

Notifíquese esta providencia aos recorrentes e á FGA facéndolles saber a todos eles que de acordo co disposto no artigo 112.1 parágrafo segundo da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra esta providencia non cabe recurso salvo a oposición que, como acto de trámite, poderán alegar os interesados para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

Santiago de Compostela, o 26 de agosto de 2022.

O membro instrutor do expediente.

P.O. A secretaria do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Teresa Carrera Babarro

